



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



ORDENANZA PARA O USO RACIONAL E SOSTIBLE DAS PRAIAS DO CONCELLO DA CORUÑA

Contido

Preámbulo.....	3
Capítulo I Disposicións xerais.....	5
Artigo 1º Obxecto	5
Artigo 2º Ámbito de aplicación.....	5
Capítulo II Uso racional e sostible	6
Artigo 3º Utilización do dominio público marítimo terrestre	6
Artigo 4º Dereitos e deberes das persoas usuarias	7
Artigo 5º Acampada nos areais.....	8
Artigo 6º Normas de carácter hixiénico-sanitario	8
Artigo 7º Praias sen fume.....	9
Artigo 8º Calidade da auga de baño	9
Artigo 9º Presencia de animais domésticos.....	10
Artigo 10º Varamentos de fauna	10
Capítulo III Limpeza e mantemento	11
Artigo 11º Residuos	11
Artigo 12º Limpeza das praias e accesos.....	11
Capítulo IV Usos e actividades	12
Artigo 13º Normas xerais	12
Artigo 14º Venda ambulante e outras actividades lucrativas	13
Capítulo V Eventos públicos, actividades deportivas e de lecer	13
Artigo 15º Eventos populares e concertos ou espectáculos nas praias.....	13
Artigo 16º Limpeza e restauración das praias nos eventos públicos.....	13
Artigo 17º Pesca marítima de recreo	14
Artigo 18º Navegación deportiva, de lecer e de servizo	14
Artigo 19º Ocupación do espazo público con aparellos de navegación	15
Artigo 20º Actividades deportivas, culturais e de lecer	15

Artigo 21º	Deportes náuticos	16
Artigo 22º	Circulación de vehículos nas praias.....	16
Capítulo VI	Seguridade cidadá	16
Artigo 23º	Salvamento, socorrismo e primeiros auxilios.....	16
Artigo 24º	Persoal do Servizo de Salvamento e Socorrismo	17
Artigo 25º	Postos de primeiros auxilios.....	17
Artigo 26º	Obrigas de seguridade para as persoas usuarias das praias	17
Artigo 27º	Sinalización informativa de seguridade	19
Artigo 28º	Medidas de seguridade urxentes	19
Capítulo VII	Réxime sancionador	20
Artigo 29º	Infraccións.....	20
Artigo 30º	Apercibimento.....	23
Artigo 31º	Sancións	23
Artigo 32º	Prescripción de infraccións e sancións	24
Artigo 33º	Responsabilidade	24
Artigo 34º	Autoridade competente e potestade sancionadora.....	25
Artigo 35º	Procedemento sancionador	25
Disposición derogatoria.....		26
Disposición final		26
Anexo I – Areais nos que se aplica esta Ordenanza		27

ORDENANZA REGULADORA DO USO RACIONAL E SOSTIBLE DAS PRAIAS DO CONCELLO DA CORUÑA

PREÁMBULO

I

O Concello da Coruña está practicamente rodeado polo mar. Ao longo da súa costa hai numerosas praias e calas. As principais son de carácter urbano, situadas en plena cidade. Por estes motivos, no período estival teñen unha demanda moi alta de persoas usuarias. Tamén hai pequenas praias ou calas que son o hábitat de numerosas especies de flora e fauna, debendo o desfrute da cidadanía ser compatible coa conservación deste patrimonio natural.

As praias de maior afluencia na Coruña son as da enseada do Orzán: Matadoiro, Orzán e Riazor, que nas grandes baixamares únense amosando a súa orixe xeolóxica común. No espazo natural de interese local da Torre de Hércules atópase a praia natural das Lapas, e as calas dos Mouros e Durmideiras. Preto dela, a praia de San Amaro, moi concorrida pola veciñanza. Xa preto da ría do Burgo está a praia de Oza-Lazareto, que goza tamén dun gran atractivo e gran afluencia. No extremo oposto do litoral coruñés está a praia natural de Bens.

Tamén hai diversos espazos que, malia non ser consideradas praias polo seu carácter temporal ao ser só visibles na baixamar, teñen uso tradicional como lugares onde tomar o sol, coma nas Amorosas, ou acumulación de coídos, caso da contorna do Millenium. Estes espazos non son obxecto de regulación na presente ordenanza, que se cingue a praias e calas permanentes.

O desenvolvemento normativo recente para adecuarse aos retos actuais, como o cambio climático, a protección do patrimonio natural, e a vixilancia e prevención de riscos sanitarios, fan necesario desenvolver unha regulación para o uso racional e sostible das praias, na busca de establecer os criterios que faciliten a compatibilidade entre o desfrute das praias e calas municipais coa súa protección natural, a convivencia, e a seguridade das persoas usuarias.

II

A Constitución Española recoñece no artigo 45 o dereito de todas as persoas a desfrutar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así coma o deber de conservalo. De igual xeito, correspóndelle aos poderes públicos velar pola utilización racional de todos os recursos naturais co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente.

O artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, atribúelles aos municipios potestade regulamentaria no ámbito das súas competencias. Así, os municipios exercerán, nos termos que determine a lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de medio ambiente urbano e para a protección da salubridade pública, de conformidade co artigo 25.2.b) e j) da dita norma.

Considerando que son diversas as administracións competentes na praias, calas, accesos e zonas de baño adxacentes, o Concello da Coruña velará pola coordinación axeitada entre elas no ámbito dos diferentes aspectos que afectan ao dominio público nas praias e contorna inmediata.

No que atinxe á lexislación sectorial vén dada, por unha parte, pola Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, que establece no seu artigo 115 as competencias municipais relativas ao mantemento das condicións de salubridade nas praias e a observancia das normas e instrucións ditadas pola administración do Estado sobre salvamento e seguridade de vidas humanas.

Por outra parte, tamén se incorporan as disposicións previstas na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, no que atinxe ao obxecto desta ordenanza.

No eido da salubridade pública para o baño nas praias incluídas nesta ordenanza, estase ao disposto no Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

III

Para a elaboración desta ordenanza seguiuuse o procedemento previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, observándose, así mesmo, o disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións públicas, canto á observancia dos principios de boa regulación. Así mesmo, levouse a cabo a consulta web prevista no artigo 133 da dita norma entre os días 5 e 15 de xullo do 2024, recibíndose un total de 90 suxestións que foron tidas en conta á hora da redacción desta norma.

Artigo 1º Obxecto

É o obxecto desta ordenanza a regulación do uso racional e sostible das praias do Concello da Coruña, procurando compatibilizar o seu desfrute co respecto ao medio ambiente, así como velar pola saúde pública, promover a accesibilidade, a seguridade e a protección da cidadanía.

Artigo 2º Ámbito de aplicación

Esta disposición aplicarase ás praias que se relacionan no anexo I, e conforme ás definicións descritas a continuación.

Ao atoparse dentro do espazo natural de interese local (ENIL) “Torre de Hércules”, na praia das Lapas e nas calas de Durmideiras e dos Mouros será de aplicación con carácter prioritario, pola súa prevalencia legal, o disposto no plan de conservación do ENIL. No suposto de extinguirse a devandita protección, integrárianse de inmediato no ámbito de aplicación desta ordenanza.

Para os efectos desta ordenanza, enténdese como:

- a) Dominio público marítimo-terrestre: o espazo así definido no artigo 3 da Lei 22/1998, de 28 de xullo, de costas, e máis concretamente: a ribeira do mar, que inclúe a zona marítimo-terrestre e as praias ou zonas de depósitos de materiais soltos; o mar territorial e as augas interiores; así coma os recursos naturais na zona económica e na plataforma continental.
- b) Praias e calas: extensións de area ou pedra miúda que comprende a totalidade do areal e os rochedos que poida haber dende a súa cota da baixamar máxima viva equinoccial ata onde chegue a area na parte alta, aínda que non cheguen as preamares vivas. Aos efectos desta ordenanza, inclúense como parte das praias e calas os accesos, gradas e outros elementos próximos vencellados directamente co seu uso e desfrute.
- c) Augas de baño das praias: aquelas de carácter marítimo nas que o baño estea expresamente autorizado ou, non estando prohibido, se practique habitualmente por un número importante de persoas.
- d) Zona de baño: aquela que se atope debidamente balizada para tal efecto. Nos tramos de praias que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua dunha anchura de 200 metros.
- e) Zona de varada: aquela destinada á estancia, embarque, desembarque ou mantemento de embarcacións profesionais ou de recreo, debidamente identificadas.

- f) Tempada de baño: é o período de tempo no que se pode prever unha alta afluencia de persoas usuarias das praias, en base aos usos e costumes locais. Para os efectos desta ordenanza, considerase como tempada de baño o período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro. O Concello da Coruña poderá variar o dito período en función das circunstancias climatolóxicas, ou por outras circunstancias que resulten de interese xeral.
- g) Acampada: instalación de tendas de campaña, parasois non diáfanos nos seus laterais ou de vehículos ou remolques habitables.
- h) Campamento: acampada organizada e dotada dos servizos establecidos nas normativas vixentes.
- i) Animal doméstico: animais de compañía pertencentes a especies que críe e teña tradicional e habitualmente o ser humano, co fin de vivir de xeito doméstico no fogar, así como os de acompañamento, condución e axuda a persoas con discapacidade recoñecida.
- j) Pesca marítima de recreo: enténdese aquela que se realiza por afección ou deporte, sen retribución ningunha e sen ánimo de lucro. Esta modalidade poderá ser exercitada en superficie, desde embarcación ou a pé desde a costa, e submarina.
- k) Comité de Xestión de Praias: órgano dependente da concellería con competencias en medio ambiente e presidido polo/a concelleiro/a delegado/a desta. Reúnese cunha periodicidade mínima anual. Son membros desta as concellerías, departamentos e servizos implicados na xestión, mantemento, conservación e protección dos areais municipais e a súa contorna, así como da seguridade cidadá, no ámbito das competencias municipais.

CAPÍTULO II USO RACIONAL E SOSTIBLE

Artigo 3º Utilización do dominio público marítimo terrestre

1. A utilización do dominio público marítimo terrestre será libre, pública e gratuíta, para os usos comúns e acordes coa natureza de aquel, tales como estar, pasear, bañarse e outros semellantes que non requiran obras ou instalacións de ningún tipo, e sempre que estas actividades se realicen de acordo co disposto na lexislación vixente en cada momento.
2. Prohíbese expresamente o uso privativo do dominio público marítimo terrestre.

3. As instalacións que se autoricen nos areais serán de libre acceso público, salvo que por razóns de policía, de economía ou outras de interese público, debidamente xustificadas, se autoricen outras modalidades de uso sen que en ningún caso poida desnaturalizarse o uso público dos areais.
4. Unicamente poderase permitir a ocupación do dominio público marítimo terrestre nos casos e nas formas previstas na normativa vixente de costas e de ordenación do litoral.
5. A realización de calquera tipo de actuación, disposición de obxectos, prestación de servizos, etc, aínda de forma temporal, no ámbito de aplicación desta ordenanza, deberá dispoñer do correspondente título habilitante do órgano ou administración competente que corresponda por razón da materia de que se trate.

Artigo 4º Dereitos e deberes das persoas usuarias

1. As persoas usuarias das praias e da súa contorna teñen os seguintes dereitos:
 - 1.1. Dereito a desfrutar do medio ambiente e dos servizos municipais prestados de acordo co ordenamento vixente e coa presente ordenanza.
 - 1.2. Dereito á información ambiental, nos termos que establece a lexislación sectorial vixente.
 - 1.3. Dereito a seren atendidas polo concello, a través do servizo 010 e demais formas legalmente previstas, as reclamacións ou suxestións que formulen, e a exercer as accións que en cada caso correspondan.
2. As persoas usuarias das praias e da súa contorna teñen as seguintes obrigas:
 - 2.1. Facer un uso racional e respectuoso da praia, zonas de baño e espazos adxacentes, así como das instalacións e o mobiliario urbano que haxa, de acordo coa súa natureza, destino e finalidade, e respectar o dereito que tamén teñen outras persoas usuarias.
 - 2.2. Cumprir as normas contempladas na presente ordenanza.
 - 2.3. Adoptar condutas que eviten a sucidade e o mal estado hixiénico da area, a auga de baño e demais instalacións ao servizo das praias. O uso dos elementos do mobiliario urbano e calquera tipo de infraestrutura pública será acorde ao fin para o cal están destinados.
3. Para garantir unhas normas básicas de convivencia e seguridade, e coa única excepción de eventos ou actividades previamente autorizadas polo órgano competente, non está permitido:
 - a) O uso de dispositivos sonoros de calquera tipo (altosfalantes, radios, instrumentos musicais, etc.) de forma que produzan ruídos que resulten molestos ao resto das persoas usuarias. Non se aplica en situacións de alarma nin á megafonía do servizo de salvamento e socorrismo.

- b) Facer lume nos areais e contorna inmediata; o emprego de grellas, bombonas de gas ou calquera outro elemento inflamable nin calquera outro artefacto que permita cociñar; o uso de material pirotécnico ou bengalas con finalidade recreativa. Queda exceptuada da anterior prohibición a realización de fogueiras con motivo da festividade de San Xoán, condicionada á observancia en todo momento das indicacións establecidas polo concello.
- c) A venda ambulante salvo autorización expresa polo organismo competente na materia.
- d) Instalarse nos accesos ás praias, que deberán estar libres de obstáculos.
- e) As accións ou elementos que limiten ou restrinxan o acceso das persoas usuarias á beira e ao mar, ou dificulten a labor do persoal dos postos de salvamento e socorrismo, primeiros auxilios, servizos de accesibilidade e baño para persoas con mobilidade reducida, Policía Local, Protección Civil ou calquera outra autoridade.

Artigo 5º Acampada nos areais

1. Considerase acampada a instalación de tendas de campaña, excepto as de pequenas dimensións que dan servizo durante as horas diúrnas. Asímilase a acampar o feito de instalarse para pasar a noite.
2. Queda prohibida, durante todo o ano e a calquera hora, a instalación de tendas de campaña, así como os campamentos e as acampadas de calquera duración de tempo nos areais.
3. Non se permite a reserva de espazo nas praias. Prohibese deixar calquera obxecto con esta finalidade, agás que os as persoas propietarias se atopen na praia. Queda exceptuada da anterior prohibición as reservas de espazo que, con motivo da festividade de San Xoán, e con observancia das indicacións establecidas polo concello, se permitan.
4. Calquera tipo de ocupación do areal, deberá dispor da autorización expresa da autoridade competente, agás o disposto anteriormente para a festividade de San Xoan.
5. O persoal municipal ou a Policía Local poderán retirar os elementos instalados irregularmente e depositalos en dependencias municipais. Os elementos retirados só poderán ser devoltos a quen acredite debidamente a súa propiedade.

Artigo 6º Normas de carácter hixiénico-sanitario

Non estará permitido:

1. A evacuación fisiolóxica no mar, na praia, nin na súa contorna inmediata. O concello fomentará, onde non os houbese con carácter permanente, a instalación de aseos públicos accesibles durante a tempada de baño.

2. A limpeza, na area da praia ou na auga do mar, dos utensilios de comida nin dos recipientes empregados para portar alimentos ou outras materias orgánicas.
3. Darlles ás duchas, lavapés, aseos e mobiliario urbano en xeral ao servizo dos areais, un uso diferente ao que lle é propio, como xogar, lavar animais, limpar utensilios de comida, usar xabón, xel ou xampú ou calquera outro produto deterxente, sen prexuízo das responsabilidades doutra índole que poidan esixirse.

Artigo 7º Praias sen fume

Co fin de contribuír á preservación da saúde das persoas non fumadoras que sexan usuarias das praias, o Concello da Coruña poderá establecer a prohibición de consumir tabaco (queimado ou quentado), así como de produtos que conteñan nicotina, en determinadas praias ou parte destas.

O concello sinalizará as praias nas que se prohiba consumir os produtos antes indicados na propia praia, na web municipal e polos medios de difusión que se estimen oportunos.

Artigo 8º Calidade da auga de baño

1. En relación á calidade das augas de baño, estarase ao disposto no Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño, e á normativa que a poida substituír ou complementar.
2. No ámbito das súas competencias, e no exercicio do deber de adoptar as medidas necesarias para a protección da saúde, o Concello da Coruña:
 - a) Sinalizará o equipamento de servizos públicos e as posibles limitacións de uso que poidan existir, conforme ao establecido na normativa vixente.
 - b) Sinalizará a prohibición do baño, conforme ao establecido na normativa de aplicación, cando así sexa establecida pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia; manterá esta en tanto a dita autoridade sanitaria autonómica non comunique a desaparición do risco sanitario.
 - c) Adoptará as medidas necesarias para ao peche de zonas de baño, cando así sexa acordada pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia. Estas medidas manteranse ata que a dita autoridade sanitaria autonómica comunique o acordo de reapertura da zona de baño.

Artigo 9º Presencia de animais domésticos

Prohíbese a circulación ou permanencia de cans e outros animais domésticos nas praias no período estival, que comprende entre o 1 de xuño e o 30 de setembro.

Exceptúase da anterior prohibición a praia de Bens, que pasa a ter a consideración de "praia canina". A esta poderán acudir durante todo o ano as persoas usuarias acompañadas dos seus cans, debendo manter en todo momento un control permanente e directo dos animais, de forma que non produzan molestias a outras persoas usuarias. Quen acuda en compañía dos seus animais deberá recoller os seus excrementos inmediatamente despois de que se produzan.

Noutros areais o Concello da Coruña poderá designar áreas de espaxamento canino temporais ou permanentes nas que os cans poderán permanecer sen correa, independentemente da época do ano, sempre baixo a vixilancia das persoas responsables dos cans.

Nos accesos principais ás praias ou tramos destas autorizadas haberá sinais informativos e poderá delimitarse fisicamente o espazo habilitado.

Con carácter excepcional, e de conformidade co título habilitante das administracións competentes, poderanse permitir actividades concretas con animais sempre que teñan un carácter tradicional, de interese xeral e non sexan incompatibles coa preservación do medio.

Autorízase a presenza de cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio. Así mesmo, permítese a presenza de cans de asistencia, considerándose que estes son os adestrados en centros especializados oficialmente recoñecidos, teñan concluído o seu adestramento e adquirido así as aptitudes necesarias para o acompañamento, conducción e auxilio de persoas con discapacidade. Estes cans deberán estar acreditados e identificados da forma establecida na lexislación aplicable sobre cans de asistencia para persoas con discapacidades.

A presenza de animais domésticos nas praias e calas do espazo natural de interese local "Torre de Hércules" rexerase polo ao disposto no seu plan de conservación.

Artigo 10º Varamentos de fauna

No suposto que se detecten varamentos de fauna, viva ou morta, as persoas usuarias presentes deben, en primeiro lugar, garantir a súa propia seguridade, evitando tocar o animal ou animais, con independencia da especie de que se trate e do seu estado.

De seguido, deberán avisar ao persoal do servizo de salvamento e socorrismo de praia no caso de estar operativo, e de non estalo, a través do teléfono de emerxencias 112, procurando dar os datos máis precisos que sexa posible.

Artigo 11º Residuos

1. Nos areas será de obrigado cumprimento o establecido na lexislación sectorial vixente en materia de residuos, así como na normativa municipal aplicable a estes.
2. Queda prohibido ás persoas usuarias dos areas arroxar calquera tipo de residuo á praia ou ao mar, coma papeis, plásticos, cabichas, comida, latas, botellas, bolsas, caixas, embalaxes e similares. A persoa responsable está obrigada á limpeza inmediata, sen prexuízo das sancións que puidesen derivarse por tales feitos.
3. Os residuos depositaranse nas correspondentes papeleiras e contedores que para o efecto se atopen distribuídos pola praia ou nas proximidades dos accesos principais.
4. Para o uso correcto das ditas papeleiras e contedores deberán seguirse as seguintes normas:
 - a) Non se empregarán para o vertido de líquidos, entullos, madeiras, materiais de combustión, residuos perigosos, animais mortos, mobles ou calquera outro tipo de material ou residuo non axeitado.
 - b) Os residuos depositaranse no interior da papeleira ou contedor, evitárase o seu desbordamento e a acumulación de residuos ao seu arredor, polo que, no caso de atoparse cheo, haberá de realizarse o depósito na papeleira ou contedor máis próximo.
 - c) Unha vez depositados os residuos deberá pechase a tapa da papeleira ou contedor.
 - d) Os residuos orgánicos, antes de ser depositados no contedor, deberán de introducirse nunha bolsa pechada.
5. As persoas titulares dos servizos de tempada están obrigadas a evitar que se produza acumulación de lixo na súa zona, polo que deberán proceder á limpeza desta coa frecuencia adecuada á intensidade do seu uso, depositando os restos nos contedores habilitados. Ademais, quen sexan titulares destes servizos deberán dispoñer de contedores de recollida selectiva.

Artigo 12º Limpeza das praias e accesos

1. No exercicio das competencias que a vixente normativa atribúelle á administración municipal, correspóndelle ao Concello da Coruña a limpeza e mantemento das praias do termo municipal.
2. Co fin de facilitar a limpeza das praias non se permitirá instalar ningún elemento que entorpeza o paso dos servizos de limpeza dentro do horario que se estableza.

3. Nas praias e calas que se atopan dentro do espazo natural de interese local Torre de Hércules, as tarefas de limpeza deberán adaptarse ao disposto no seu plan de conservación e nas pautas de xestión que se poidan establecer.

CAPÍTULO IV USOS E ACTIVIDADES

Artigo 13º Normas xerais

1. Os usos e actividades, así como a explotación de instalacións desmontables de tempada ou fixas axustaranse ao réxime e procedemento de autorizacións e concesións previsto na Lei 22/1988, de costas. Cando afecte á zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, estarase ao disposto na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. Así mesmo, atenderase ao que dispoña o desenvolvemento regulamentario das citadas leis.
2. É potestade do concello, no exercicio das súas competencias, e co fin de acadar o obxectivo de uso racional e sostible previsto nesta ordenanza, establecer as zonas onde emprazar e exercer os distintos servizos e actividades no ámbito de aplicación desta ordenanza.
3. No que respecta ás concesións, autorizacións, licenzas e demais títulos habilitantes, esta Ordenanza remítese ás disposicións municipais xa existentes e que regulan de forma específica todos os requisitos e condicións do seu outorgamento. En todo caso, antes do inicio da actividade deberá obterse o correspondente título habilitante, de conformidade co establecido na normativa vixente en cada momento.
4. Todos os elementos que se instalen no espazo público obxecto desta ordenanza deberán responder aos requisitos técnicos de homologación de acordo á súa normativa específica. Este requirimento é preceptivo para autorizar a súa instalación.
5. Débese respectar, en todo momento, os accesos peonís, escaleiras de accesos, postos de salvamento e socorrismo, ramplas, etc.
6. Queda prohibido deixar restos de calquera elemento utilizado na actividade unha vez finalizado o prazo de autorización previsto.
7. Será obriga da persoa titular ou concesionaria ter as instalacións e elementos necesarios nas debidas condicións de hixiene e seguridade. Para esa finalidade, disporá de todos os complementos mobiliarios dispostos para a recollida selectiva e evacuación dos residuos xerados.

Artigo 14º Venda ambulante e outras actividades lucrativas

1. Na venda ambulante estarase ao disposto na correspondente ordenanza municipal para o exercicio da venda fóra do establecemento comercial e demais normativa de aplicación.
2. Queda prohibida a venda ambulante nos areas de calquera tipo de produto, en especial aqueles como bebidas e produtos alimenticios en xeral, cuxa normativa así o estableza. A prohibición anterior non terá efecto se quen vende dispón da correspondente autorización administrativa, que deberá especificar o tipo de produto, o lugar ou lugares precisos onde debe exercerse a venda, e as datas e horario en que poderá levarse a cabo.
3. Con carácter xeral queda prohibida a realización de calquera tipo de actividade lucrativa nos areas do termo municipal da Coruña sen o preceptivo título habilitante que corresponda por razón da materia.

CAPÍTULO V EVENTOS PÚBLICOS, ACTIVIDADES DEPORTIVAS E DE LECER

Artigo 15º Eventos populares e concertos ou espectáculos nas praias

Nas praias poderán celebrarse eventos populares, concertos ou espectáculos singulares que dispoñan dos preceptivos títulos habilitantes das autoridades competentes, que cumpran o disposto na ordenanza de protección contra a contaminación acústica da Coruña, e demais normativa de aplicación.

Artigo 16º Limpeza e restauración das praias nos eventos públicos

Unha vez rematado calquera evento nas praias, e de xeito inmediato, a promotora do evento deberá proceder á limpeza completa, desmontaxe e restauración das praias ou tramos afectados ao seu estado previo. En caso de desatender esta obriga, e sen prexuízo da tramitación do procedemento sancionador que poida corresponder, a Administración municipal adoptará as medidas pertinentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica infrinxida, mediante a execución subsidiaria, se for o caso, das actuacións necesarias, a cargo da persoa infractora.

Calquera evento que dispoña do título habilitante correspondente deberá manter (dende a preparación ata a finalización) as condicións de hixiene e limpeza do espazo, polo que fomentará a disposición e distribución de colectores acordes á separación selectiva de residuos que directa ou indirectamente poida xerar a actividade, sen prexuízo doutros requirimentos de limpeza e hixiene vencellados ao título habilitante correspondente.

Artigo 17º Pesca marítima de recreo

2. Durante a tempada de baño e nas zonas de baño (balizadas ou non) queda prohibida a pesca desde a beira da praia e desde os espigóns. En todo caso, este tipo de pesca realizarase consonte co disposto na normativa sectorial vixente en materia de pesca marítima de recreo, sexa desde superficie ou por mergullo.
3. Está prohibida a práctica da pesca submarina por mergullo entre a posta e a saída do sol. Neste tipo de pesca submarina cada persoa mergulladora deberá marcar a súa posición mediante unha boia de sinalización claramente visible.
4. Prohíbese a entrada e saída ao mar desde a praia a quen realice pesca submarina co fusil cargado, así como a manipulación ou abandono en terra de calquera instrumento de pesca que poida supoñer un risco para a seguridade das persoas.
5. Nos concursos de pesca dende a praia que dispoñan de autorización dos organismos e administracións competentes, o concello ditará as ordes oportunas para que a actividade se realice sen prexuízo doutros usos que se dean nos areais.
6. Non se autoriza a pesca nos canais balizados de lanzamento e varada de embarcacións.

Artigo 18º Navegación deportiva, de lecer e de servizo

1. Todas as embarcacións que naveguen preto da costa deberán cumprir as normas establecidas polo órgano competente na materia.
2. Nas zonas de baño queda prohibida a navegación deportiva e de recreo e a utilización de calquera tipo de embarcación ou medio flotante movido a motor ou a vela.
3. A prohibición anterior non será de aplicación ás embarcacións oficiais ou medios que se utilicen para a realización dos servizos de limpeza de residuos flotantes, vixilancia, salvamento ou socorrismo, con suxeición ao disposto na normativa vixente en cada momento.
4. Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros lineais nas praias e de 50 metros lineais no resto da costa.
5. Sen prexuízo dos títulos habilitantes sectoriais que sexan preceptivos, o concello poderá establecer zonas de lanzamento ou zonas náuticas, sinalizándoas convenientemente. As embarcacións a motor ou a vela deberán utilizar estas zonas náuticas obrigatoriamente. O concello poderá balizar zonas para embarcacións ou medios flotantes a vela.

6. Queda prohibido realizar calquera tipo de descarga ou vertido desde as embarcacións ao mar, de conformidade co disposto no Real Decreto 339/2021, de 18 de maio, polo que se regula o equipo de seguridade e de prevención da contaminación das embarcacións de recreo.

Artigo 19º Ocupación do espazo público con aparellos de navegación

1. Non se permite a ocupación do dominio público marítimo terrestre con aparellos de navegación sen autorización da administración competente, así como o abandono de obxectos, aparellos ou elementos como embarcacións, remolques, táboas de windsurf, velas, motos náuticas, hamacas, remos e similares.
2. En caso de incumprimento da obriga anterior, a autoridade competente requirirá a retirada dos artefactos a quen resulte titular, concedéndolle un prazo de 24 horas para facelo, con advertencia expresa de retirada inmediata polo concello unha vez transcorrido o prazo sinalado, con repercusión dos custos municipais a cargo da persoa, depositándose os materiais nun recinto municipal.
3. En todo caso, o concello está facultado para a retirada cautelar dos artefactos sinalados no parágrafo anterior, a costa da persoa titular, por razóns de seguridade ou salubridade, así coma cando concorran circunstancias que aconsellen a conveniencia e/ou necesidade da súa retirada.

Artigo 20º Actividades deportivas, culturais e de lecer

1. O paseo, a estancia ou o baño teñen preferencia sobre calquera outro uso.
2. As actividades ou xogos de pelota, pas, voleibol-praia, e similares, tanto na area coma na auga, poderanse realizar sempre que non supoñan unha molestia para o resto das persoas usuarias, por realizarse a unha distancia non inferior a dez metros, ou cando a dimensión do areal así o permita.
3. Poderán desenvolverse actividades deportivas ou lúdicas nas zonas que o concello habilite para a práctica de diversos deportes, xogos ou similares, ou que estean debidamente balizadas e autorizadas polo organismo competente.
4. Fóra de tempada de baño autorízanse as actividades deportivas e de lecer en calquera punto das praias, debendo recoller todo ao rematar a actividade e deixar limpo o espazo.
5. Esta habilitación non se aplica na praia das Lapas e nas calas de Durmideiras e dos Mouros, que se rexen polo disposto no plan de conservación do ENIL “Torre de Hércules”.
6. As actividades de carácter deportivo, lúdico ou cultural organizadas, sen prexuízo das autorizacións que sexan preceptivas, deberán situarse nas zonas que, polo tipo de

actividade e praia, se considere tecnicamente máis conveniente. En tales casos, o espazo destinado á actividade será delimitado tras a autorización.

7. Está prohibida calquera tipo de publicidade mediante, carteis, vehículos, lonas, altofalantes, audiovisuais ou calquera outro medio agás autorización expresa da autoridade competente.

Artigo 21º Deportes náuticos

1. Durante a tempada de baño poderanse habilitar zonas adecuadamente sinalizadas para a práctica de actividades deportivas coma surf, windsurf, kitesurf ou outros deportes similares, co fin de evitar os danos que a súa práctica poden causar ás persoas usuarias das praias.
2. Calquera actividade deportiva que se realice dentro do horario que se estipule quedará supeditada por motivos de seguridade á ausencia de bañistas nas zonas de auga de baño onde se estea practicando a devandita actividade.
3. Poderanse exceptuar do previsto anteriormente os supostos de concursos ou campionatos, debendo as persoas organizadoras e as participantes respectar os lugares, horarios ou condicións que estableza o concello. Nestes casos permitidos, a práctica deportiva farase en lugares debidamente sinalizados e con carácter temporal.

Artigo 22º Circulación de vehículos nas praias

Nas praias non está permitido o estacionamento nin a circulación de vehículos de dúas ou máis rodas, de tracción mecánica ou animal, e especialmente motos e quads. Exceptúanse os carriños de bebés, os usados para utensilios de praias, os vehículos de emerxencia, seguridade e servizos municipais de limpeza, mantemento e vixilancia das praias, así coma os autorizados para persoas con discapacidade.

CAPÍTULO VI SEGURIDADE CIDADÁ

Artigo 23º Salvamento, socorrismo e primeiros auxilios

1. En función das necesidades dos areais, o concello dotará a estes dun servizo de salvamento, socorrismo e primeiros auxilios.

2. O servizo de Salvamento, Socorrismo e Primeiros Auxilios estará formado por un conxunto de medios humanos e materiais que posibiliten a adopción dunha serie de medidas organizativas, de planificación, seguridade e protección.
3. No Servizo de Salvamento e Socorrismo colaborarán os efectivos de Protección Civil, Policía Local e Bombeiros, así como aquelas outras entidades contratadas para actividades específicas.

Artigo 24º Persoal do Servizo de Salvamento e Socorrismo

1. De conformidade coa normativa de vixente aplicación, todo o persoal que realice tarefas de salvamento, socorrismo e asistencia sanitaria deberá dispor da titulación que lle acredite e habilite para o exercicio destas actividades profesionais.
2. Durante o seu exercicio profesional, o persoal do Servizo de Salvamento e Socorrismo contratado deberá ir uniformado de xeito que sexa perfectamente identificable polas e polos usuarios da praia, e levará o equipamento que sexa preciso de conformidade co establecido nos pregos de condicións que rexen o contrato.
3. O persoal de socorrismo acuático permanecerá na súa área de responsabilidade durante a quenda establecida, e non poderá exercer simultaneamente ningunha actividade engadida á asignada.

Artigo 25º Postos de primeiros auxilios

As características da instalación e equipamento dos Postos de Primeiros Auxilios serán as necesarias para abordar unha primeira atención sanitaria e as posibles situacións básicas de urxencia ordinaria; poderán contar con vehículos de loxística e apoio.

Artigo 26º Obrigas de seguridade para as persoas usuarias das praias

1. As persoas usuarias das praias deben seguir as orientacións e indicacións que por seguridade poidan realizar os servizos de salvamento e socorrismo, así como cantas disposicións existan ou poidan ditarse en diante polos organismos competentes. En todo caso, recoméndase non afastarse en máis de 50 metros da beira do mar nas praias, co obxecto de poder garantir a súa seguridade.
2. As persoas que desexen bañarse fóra da tempada de baño ou fóra do horario establecido para os servizos de salvamento e socorrismo farano baixo a súa exclusiva responsabilidade, ao igual que aquelas persoas que, aínda bañándose dentro da tempada de baño e dentro do horario establecido para os mencionados servizos, non sigan as orientacións e indicacións do

persoal do servizo de salvamento e socorrismo, ou se bañen fóra das zonas balizadas para o baño ou sinalizadas como tal mediante bandeiras.

3. As persoas usuarias do servizo de baño asistido deberán asumir as condicións e normas de uso do servizo, así como as recomendacións que poidan realizar en todo momento o persoal de socorrismo, de voluntariado ou persoal monitor encargado do servizo.
4. Tendo en conta de que o baño colectivo pode implicar riscos que deben valorar con carácter previo os servizos de salvamento e socorrismo, no suposto do baño dun conxunto amplo de persoas que formen unha excursión –integrado por menores de idade ou non- deberase poñer esta circunstancia en coñecemento dos ditos servizos.
5. Queda prohibido o baño e a realización de calquera outra actividade acuática cando se atope izada a bandeira de cor vermella, tendo as persoas usuarias a obriga de saír da auga a continuación do izado da bandeira vermella. Quen vulnere as prohibicións anteriores cando se atope izada a bandeira de cor vermella, ou por requirimento verbal dos axentes da autoridade ou do persoal de salvamento, será obxecto de denuncia.
6. Fóra da tempada de baño, haxa ou non bandeiras, deberán cumprirse as medidas de seguridade urxentes conforme ao disposto nesta ordenanza.
7. De xeito xenérico, prohibese o baño e o mergullo nos canais balizados para o lanzamento e varada de embarcacións.
8. Queda prohibido lanzarse a auga do mar desde as zonas superiores dos cantís, rochedos, espigóns, embarcadoiros, plataformas decorativas. Tampouco se permite o baño nas zonas sinalizadas con esta prohibición. As persoas que incumpran esta prohibición farano baixo a súa responsabilidade e poden ser obrigadas a saír da auga pola súa propia seguridade, sen prexuízo da instrución do correspondente procedemento sancionador pola Administración municipal.
9. No caso da existencia de refachos de vento, co fin de previr posibles problemas de seguridade persoal e colectiva, a autoridade municipal ou os seus axentes e o persoal de salvamento e socorrismo poderá ordenar o peche de todo tipo de parasois, cadeiras, paraventos, hamacas, etc. Igualmente, poderase ordenar a retirada daquelas cadeiras, hamacas, ou calquera elemento disposto no chan da praia que estea oxidado ou visiblemente deteriorado para evitar calquera tipo de posible dano físico ou contaminación. En todo caso, e con independencia da existencia de vento, é imprescindible que os elementos instalados na praia se atopen perfectamente ancorados ao chan, de xeito que non poidan ser desprazados, causando perigo para o resto das persoas usuarias da praia.

Artigo 27º Sinalización informativa de seguridade

1. Na tempada de baño, como instrumentos de sinalización para a seguridade das persoas usuarias servirán as bandeiras de sinalización de habilitación para o baño, que determinarán a aptitude das condicións das augas. As bandeiras clasificaranse por cores indicando o estado do mar en canto á idoneidade do seu uso para o baño:
 - a) Verde: Apto para o baño.
 - b) Amarela: Precaución. Permitirá o baño con certas restricións. Prevé dun certo perigo no baño derivado das condicións do mar observadas e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.
 - c) Vermella: Prohibido o baño. Prevé dun grave perigo no baño para a vida ou saúde das persoas, ben sexa polas condicións do mar e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.
2. A sinalización informativa de seguridade poderá complementarse con outros tipos bandeiras que indiquen con claridade o perigo a previr.

Artigo 28º Medidas de seguridade urxentes

Fóra da tempada de baño, haxa ou non bandeiras, por razóns de seguridade debido a inclemencias do tempo, mal estado do mar, actividades de interese xeral ou por outras causas xustificadas, poderá prohibirse o baño e, incluso, o acceso e permanencia nos areais das praias, calas, rochas e zonas afectadas.

A tales efectos poderán acoutarse, encintarse ou precintarse os accesos por parte dos servizos municipais de seguridade cidadá, quedando prohibido remover, quitar, romper ou non respectar ditos medios de peche.

Estas medidas de prohibición de acceso e permanencia afectarán a todo tipo de persoas usuarias e de actividades (baño, surf, pesca, paseo, deportes e ocio de todo tipo).

En todo momento deberán obedecerse as ordes dadas por quen teña a condición de axente da autoridade, que poderá adoptar as medidas que sexan procedentes, tales como a expulsión forzosa de persoas e animais, así como a retirada de todo tipo de materiais e instrumentos situados nas praias.

Artigo 29º Infraccións

Constitúen infraccións administrativas as accións ou omisións tipificadas pola presente ordenanza como incumprimento de deberes, prohibicións, limitacións ou obrigas.

1. Constitúen infraccións leves:

- a. Non depositar os residuos nos contedores e papeleiras, ou non depositalos respectando as normas previstas nesta ordenanza.
- b. Tirar calquera tipo de residuo á area ou á auga.
- c. Acceder con mobiliario e outros elementos non habituais ás praias.
- d. Abandonar restos da pesca como cebos, anzois, e demais aparellos nas praias.
- e. Permanecer ou bañarse naquelas zonas delimitadas para a entrada e saída de embarcacións.
- f. Incumprir as indicacións de seguridade e os sinais, cando non sexa cualificada coma grave ou moi grave.
- g. Usar de xeito indebido a auga das duchas, lavapés ou aseos, así coma o emprego de xabóns e semellantes.
- h. Usar dispositivos sonoros (altofalantes, radios, instrumentos musicais e similares) de forma que produzan ruídos que resulten molestos ao resto das persoas usuarias.
- i. Empregar megafonía con fins comerciais ou lucrativos salvo autorización expresa da autoridade competente.
- j. Non respectar os períodos e horarios establecidos para a pesca recreativa.
- k. Realizar evacuación fisiolóxica nas praias incluídas no ámbito desta ordenanza ou nas augas de baño.
- l. Realizar nas praias actividades con ánimo de lucro sen o preceptivo título habilitante.
- m. Acceder ás praias con animais domésticos durante o período estival, agás que estean expresamente habilitadas coma “praias caninas”, ou cando se trate de cans de salvamento ou auxilio, e os de asistencia a persoas con discapacidade.

- n. Realizar actividades que poidan resultar molestas para as persoas usuarias das praias e supoñan un incumprimento das normas cívicas de convivencia.
- o. Todas as demais condutas contrarias ao preceptuado nesta ordenanza que non teñan a cualificación de graves ou moi graves.

2. Constitúen infraccións graves:

- a. Reincidir na comisión, no prazo dun ano, de máis dunha infracción leve, declarada por resolución firme en vía administrativa.
- b. Impedir ou obstaculizar as inspeccións e comprobacións necesarias para o efectivo cumprimento desta ordenanza.
- c. Realizar labores de abastecemento de combustible ou mantemento de maquinaria na area.
- d. Verter líquidos ou depositar nas papeleiras e contedores materiais en combustión, entullos, madeiras, animais mortos, etc.
- e. Atracar e desatracar, varar ou permanecer as embarcacións, táboas de paddle surf, windsurf, kitesurf, motos náuticas e elementos similares fóra das zonas sinalizadas e destinadas para eles.
- f. Entrar e saír ao mar desde a praia por quen realiza pesca submarina co fusil cargado ou outro instrumento que comprometa a seguridade das persoas, así como a súa manipulación en seco.
- g. Abandonar calquera tipo de elementos voluminosos nas praias.
- h. Meterse no mar ou non saír voluntariamente cando estea izada a bandeira vermella.
- i. Facer un uso indebido ou deteriorar as duchas, lavapés, aseos, contedores ou calquera outro mobiliario ao servizo das praias.
- j. A falta de limpeza e hixiene nas praias, ou calquera conduta que comporte unha alteración medioambiental que afecte á integridade física de terceiras persoas ou á seguridade e salubridade pública.
- k. Tirar ou depositar na area ou no mar vidros ou envases metálicos, ou calquera elemento cortante, así como refugallos de obras.
- l. Utilizar grellas e prender fogueiras sen o título habilitante correspondente.
- m. Utilizar bombonas de gas ou calquera líquido inflamable.
- n. Usar bengalas e materiais pirotécnicos sen autorización, salvo emerxencias.

- o. Acampar, instalar tendas de campaña, estruturas de lona ou similares, agás as de pequena dimensión que dan servizo durante as horas diúrnas.
- p. Pescar con cana ou outros aparellos fóra do horario permitido.
- q. Consumir tabaco (queimado ou quentado) ou calquera produto que conteña nicotina nas praias ou parte destas que sexan declaradas polo concello como “praias sen fume”.
- r. Incumprir as persoas titulares de servizos de tempada as obrigas recollidas nos artigos 11 e 13 desta ordenanza.
- s. A desobediencia aos requirimentos dos servizos de seguridade cidadá ou dos axentes da autoridade que non teña a consideración de moi grave.

3. Constitúen infraccións moi graves:

- a. Reincidir na comisión, no prazo dun ano, de máis dunha infracción grave, declarada por resolución firme en vía administrativa.
- b. Facer publicidade a través de folletos, carteis, valados, medios audiovisuais ou de calquera outro tipo, salvo autorización expresa do órgano competente.
- c. Circular as embarcacións, táboas de surf, paddle surf, kite surf, motos náuticas, esquí náutico ou outros artefactos flotantes non autorizados a distancia inferior a 200 metros da costa e nas zonas de baño, salvo nos canais debidamente sinalizados.
- d. Verter ou depositar materiais que poidan producir contaminación e risco de accidentes.
- e. Celebrar actos públicos ou competicións deportivas organizadas sen a autorización preceptiva do órgano competente.
- f. Circular e estacionar vehículos non permitidos no areal sen autorización expresa, de conformidade co disposto no artigo 22 desta ordenanza.
- g. Obstruír gravemente o normal funcionamento dos servizos públicos, en especial o de limpeza dos areais e o de vixilancia, salvamento, socorrismo e primeiros auxilios.
- h. Impedir o uso dun servizo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización, así como o libre acceso público ás instalacións municipais tales como duchas, lavapés, aseos e similares.

- i. O incumprimento das medidas de seguridade urxentes recollidas nesta ordenanza, e dos requirimentos efectuados polos servizos de seguridade cidadá e polo persoal do servizo de salvamento e socorrismo

Artigo 30º Apercibimento

1. A autoridade municipal ou os seus axentes desta poderán apercibir verbalmente a quen infrinxa calquera das disposicións contidas nesta ordenanza co fin de que, de forma inmediata, cese a actividade prohibida ou realice a obrigación debida, sen prexuízo da remisión do parte de denuncia á administración competente.
2. O persoal de salvamento ou socorrismo apoiará ás autoridades competentes no labor de informar do que establece a presente ordenanza, notificando as incidencias nas praias á autoridade competente.
3. As persoas usuarias da praia teñen a obriga de seguir as orientacións e as indicacións que poidan realizar os axentes da autoridade ou membros do Servizo de Salvamento e Socorrismo.

Artigo 31º Sancións

1. As sancións pola infracción desta ordenanza serán independentes de calquera outra medida cautelar, preventiva ou reparadora, que adopten os órganos competentes.
2. As infraccións tipificadas nesta ordenanza serán sancionadas, en defecto de normativa sectorial específica, con multas na forma e contías establecidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local:
 - a. Infraccións leves: multas ata 750,00 €
 - b. Infraccións graves: multas desde 751,00 € ata 1.500,00 €
 - c. Infraccións moi graves: multas desde 1.501,00 € ata 3.000,00 €
3. Para a gradación das respectivas sancións deberase observar a debida idoneidade e necesidade da sanción que se vaia impoñer e a súa adecuación á gravidade do feito constitutivo da infracción. A gradación da sanción considerará especialmente os seguintes criterios:
 - a. O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
 - b. A continuidade ou persistencia na conduta infractora.

- c. A natureza dos prexuízos causados.
- d. A reincidencia, pola comisión no termo dun ano máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

Artigo 32º Prescrición de infraccións e sancións

1. As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.
2. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.
3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese e o das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Artigo 33º Responsabilidade

Para os efectos desta ordenanza, terán a consideración de responsables das infraccións previstas nesta:

1. As persoas que, directamente, por conta propia ou allea, executen a actividade infractora, ou quen ordene a dita actividade cando a persoa executora se vexa obrigada a cumprir a dita orde.
2. Cando o cumprimento dunha obriga establecida por esta ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, se for o caso, se cometan e das sancións que se impoñan. Non obstante, cando a sanción sexa pecuniaria e sexa posible, individualizarase na resolución en función do grao de participación de cada responsable.
3. Son responsables, subsidiariamente, en caso que non se poida identificar ás persoas autoras da infracción, as persoas titulares ou propietarias dos vehículos ou embarcacións, táboas ou elementos semellantes cos que se cometa a infracción.
4. No caso de que a persoa infractora fose menor de idade, considerarase responsable ao pai, nai, titor/a, gardador/a ou persoa responsable legal, que deberá facer fronte ao pagamento da sanción pecuniaria correspondente e á obriga de reparación dos danos causados, no seu caso.
5. Serán responsables as persoas titulares dos títulos habilitantes cando, con ocasión do exercicio dun dereito recoñecido neles, se incorra nalgunha das infraccións tipificadas na presente ordenanza.

6. As responsabilidades administrativas que deriven da comisión dunha infracción serán compatibles coa exigencia ao infractor ou infractora da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario. Poderá esixirse indemnización polos danos e perdas causadas, que será determinada polo órgano a quen corresponda o exercicio da potestade sancionadora. Se non se satisfixer a indemnización no prazo que para o efecto se determine, procederase na forma prevista no artigo 101 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 34º Autoridade competente e potestade sancionadora

As competencias previstas nesta ordenanza serán exercidas polos órganos competentes de conformidade co disposto coa normativa vixente.

As infraccións tipificadas nesta ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, tras a instrución do correspondente expediente sancionador.

A Alcaldía-Presidencia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para garantir as condicións hixiénico sanitarias das persoas usuarias nos areais, especialmente, en caso de alerta ou emerxencia sanitaria.

Para o desenvolvemento das ditas competencias seguiranse os procedementos que en cada caso e momento establezan as normas xerais aplicables.

Artigo 35º Procedemento sancionador

1. Réxime xurídico

- a) Os procedementos administrativos sancionadores tramitaranse de acordo co estipulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, ou as disposicións normativas que as substitúan.

2. Caducidade do procedemento sancionador

- a) Nos procedementos sancionadores instruídos en aplicación desta ordenanza deberá dítarse e notificarse a oportuna resolución no prazo máximo de seis meses contados a partir do momento en que se acordou a súa iniciación.
- b) A falta de notificación da resolución á persoa interesada no devandito prazo determinará a caducidade do procedemento, agás nos supostos en que o procedemento se paralizase por causas imputables ás persoas interesadas ou se acordase a súa suspensión nos casos previstos no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o que interromperá o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais do mesmo ou inferior rango regulen materias contidas nesta ordenanza, en canto se opoñan ou contradigan o seu contido.

DISPOSICIÓN FINAL

Conforme co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta ordenanza entrará en vigor aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

A Coruña, xx de XXX de 2025

ANEXO I – AREAIS NOS QUE SE APLICA ESTA ORDENANZA

Situación xeográfica no sistema de referencia ETRS89.

Praia ou cala	Catalogación(*)	ETRS89:	X	Y
Santa Cristina (A Coruña)	Urbana	549928,1053	4798907,7076	
Oza	Urbana	550005,2647	4799509,3626	
San Amaro	Urbana	548850,3971	4803372,0631	
Durmideiras	ENIL Torre	549110,18	4803634,1794	
Mouros	ENIL Torre	549184,0026	4803693,3325	
As Lapas	Natural + ENIL Torre	548101,7416	4803604,4896	
Matadoiro	Urbana	548309,0622	4802689,9491	
Orzán	Urbana	548243,979	4802257,374	
Riazor	Urbana	547767,36	4801925,7066	
Lino - San Roque	Urbana	547081,6787	4802320,8606	
Lino - Cetárea	Urbana	547014,1143	4802511,9935	
Bens	Natural	544054,7754	4800894,1454	

(*) Categoría establecida no *Decreto 38/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia*. Todas as praias catalogadas no concello da Coruña son tramos únicos. As calas de Durmideiras e Mouros non están relacionadas no Decreto, se ben atópanse, igual que a praia de As Lapas, dentro do espazo natural de interese local (ENIL) “Torre de Hércules”.

Os requirimentos que se deberán observar para a ocupación das praias, segundo fosen catalogadas como naturais ou urbanas, veñen establecidos no *Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, por el que se aprueba el Reglamento General de Costas*, artigos 68 e 69.

No caso da praia das Lapas e das calas dos Mouros e Durmideiras, ao atoparse dentro do espazo natural de interese local (ENIL) “Torre de Hércules”, será de aplicación con carácter prioritario, pola súa prevalencia legal, o disposto no plan de conservación deste ENIL.